La Voz de Galicia

Os soños da República espertan do sono

Rafael Lema Carballo

8 de novembro de 2026

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2026/11/08/span-langglos-sonos-da-republica-espertan-do-sonospan/0003_202611C8C12991.htm

A presentación do meu libro ***República e Guerra civil en Camariñas, 1931-1939*** dá pé a unha reflexión sobre a **creación literaria**; como xorde e medra un proxecto, a fase inicial fixando os lindes, barallando as fontes. Uns apuntes citando o comité revolucionario da **Ponte do Porto** por **Carlos Fernández** e sobre todo o libro de **Luís Lamela** sobre Pepe Miñones serviron de partida. Confirmaban as **crónicas familiares**; xa coñecía eses nomes de vidas entregadas, roubadas, sorprendidas polos cegos ventos da morte e o infortunio. Formaban parte do ronsel de datos, feitos e experiencias do rol de clientes e amigos da casa. Algúns dos protagonistas da Historia e moitas testemuñas seguían vivos; cruzábaos pola rúa, entraban na miña casa, compartiron veladas co meu pai.

Crieime nunha fonda centenaria, á que chegaban xentes de moitas partes, con tantas vidas, tantas ganas de falar e ser oídas... **Avoa Amelia** facía as compras, organizaba a cociña, mandaba nas criadas. Ela e a súa **tía Pepita** eran grandes lectoras e a miña primeira opción á hora de preguntarlles por tanto estraño que entraba naquela casa solaina de altas portas a tres ventos, como unha praza pública, respondían a curiosa mirada daquel mundo que me chegaba pola televisión e os xornais. Ía coa súa tía, de nena, con encaixes para a condesa de Cereixo, de moza acompañábaa ao Café Moderno das Barrosas. Cando cortaron por obras a ponte, o barqueiro, como o da canción, non lles cobraba. A miña avoa **Lucita** recitaba romances dalgún día, lendas dos tempos dos mouros. A voz da terra milenaria. Esas dúas grandes veas nutriron as miñas paixóns.

Cos nomes do libro de Lamela viña a infancia; rostros próximos, de sempre, da casa. Na taberna escoitaba as crónicas dos vellos feirantes cunqueiranos.

A caixa de resonancia da memoria adornaba os relatos con cen anos de soidades e arañeiras. Enrique Miñones ensinoume de neno o himno galego na mesma mesa onde agora escribo, onde a miña irmá comía decote con Anxélica Miñones, escoitando relatos de panilleiras e puntilleiras, viaxes en coche ao balneario de Cuntis, a fortuna e desgraza dos parentes de Corcubión, o reloxo parado á hora do fusilamento do curmán Pepe.

Chuquiño da Santa foi o primeiro que me falou —por extenso— de Roxeliño de Mazaeda, Ramón dos Polos, os Carracedo e Andrés de Chuca, de Constante de Correa retornado dos mortos como Orfeo. E eu cribaba á miña avoa con preguntas. Ensinoume o faiado onde ocultaron a Ramón dos Polos, o zulo onde estivo Carracedo e agora teño libros. Eu lembraba cando ía con ela a casa das Mazaedas, de Otilia, das Arxentinas, de señora Elena, de Maruxa de Francisco, de Lola de Moncho. A Cee, á ferraxería da súa curmá, viúva de Pepe Roget, ao serradoiro de Carmiña dos Alexos, aos Ramón. Á súa cociña chegaban no verán as amigas do pasado, as que recorrín e tanto me axudaron: Nieves Miñones, Lela da Currilla, Carme de Lupe, Adelina.

Seguín indagando pola miña conta; na taberna, en bancos da praza ou velorios. Tiña que conservar todo de memoria, se tomaba notas cesaría o frenético aluvión de palabras e recordos, os segredos máis fondos, retraendo o rego en frases curtas e medidas, nesa loita polo que non queremos desvelar nin esquecer.

Logo fun enchendo cadernos, entrando en tantas casas co escandallo da **fame de saber en busca de respostas**, cartas escondidas en caixóns, fotos de álbums balorentos. Ninguén me pechou unha porta, nin as chaves da súa caixa de memorias, con relatos que non contaban a parentes ou amigos pero agora necesitaban dar a coñecer, desprenderse deles como lastre. Talvez levaban moito tempo esperando un cronista ao que entregar a súa carga; pero sabía que tanto ofrecemento non se debía ao meu pobre imberbe crédito senón a tantos e bos lazos tecidos polo tempo, fatigas compartidas e compañeirismo, dos meus ancestros.

A mellor herdanza que recibimos ou deixamos é a rede de **amizades**, nadas e criadas sen rancores nin mentiras, alimentadas de risos e de prantos, de dar e convencer cos nosos actos. Visitando arquivos, molestando amigos, **o traballo de recuperación da memoria nunca acaba**, pero aquelas vidas non podían ser patrimonio do esquecemento. Unha guerra de Troia contada por troianos.